



# Salvemos Galiza !!!

100

MEDIDAS PARA CREAR  
EMPREGO EN GALIZA



Confederación Intersindical Galega

[www.galizacig.com](http://www.galizacig.com)





# **Plan galego para o crecemento económico e a creación de emprego**

**100 medidas para a creación de emprego en Galiza**

---





# Plan galego para o crecemento económico e a creación de emprego

## Introdución

Desde o inicio da crise, a CIG está a defender todo un conxunto de propostas alternativas, orientadas a unha saída favorábel á clase traballadora galega e feita desde unha perspectiva de defensa dos nosos intereses nacionais, convencidos de que todas estas políticas de concentración e centralización da riqueza e do poder, aínda afonda moito máis no carácter colonial e periférico de Galiza. Só desde alternativas feitas en función da nosa propia realidade social e económica, de reforzamento do noso autogoberno, da capacidade de decidir libremente en todas as materias, poderemos ofrecer alternativas que sirvan aos intereses das nosas clases traballadoras e que garantan un reparto equitativo da riqueza.

As medidas que estamos a promover axudarían a sentar as bases para un desenvolvemento económico e social máis sostíbel e suporían un aumento do emprego e unha mellora de dereitos sociais e da calidade de vida da maioría da poboación. A través doutra política fiscal, do incremento do gasto social e do investimento público, da creación de entidades financeiras públicas ao servizo da cidadanía e do noso tecido produtivo, de políticas que favorezan o emprego estábel, uns salarios dignos e postos de traballo en Galiza, contribuiremos a construír unha sociedade galega máis democrática, xusta, solidaria e humanizada, sustento da nosa identidade como pobo e piar da soberanía nacional á que aspiramos.

Desde a CIG consideramos que outras vías son posíbeis e poden ser aplicadas. En primeiro lugar, a pesar de que a Xunta de Galiza e o Estado non poden utilizar a política monetaria, competencia exclusiva do Banco Central Europeo, si poden esixir que dito banco compre débeda pública directamente aos Estados e CC.AA., así

como usar a súa capacidade regulamentaria da actividade económica e os orzamentos públicos para tomar medidas extraordinarias en tempo de crise, xerando actividade económica directa en infraestruturas e servizos públicos, apoiando actividades económicas produtivas en sectores e unidades de produción directamente vinculadas á actividade económica e promovendo con capital público empresas en sectores estratéxicos da economía. É tempo de reivindicarmos a importancia social do público fronte ao privado, como forma de reactivar e incidir na orientación da economía en beneficio da maioría social e de garantir, en condicións dignas para toda a poboación, dereitos básicos como o ensino, a saúde, a enerxía, a pensión, a vivenda, o traballo ou a comunicación. Hai que rachar coas actuais políticas de recortes do investimento público, promovidas pola UE e o FMI e levadas a práctica polo PP, por non favorecer a saída da crise, por ser contrarias á creación de emprego e por provocar o empobrecemento e a exclusión social en amplos sectores da sociedade.

Galiza necesita autogobernarse, decidir sobre todo aquilo que precise para o seu libre desenvolvemento e para mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega. A CIG mantén viva a reivindicación e a loita pola soberanía nacional porque considera que o actual marco xurídico, imposto pola Constitución e o Estatuto de Autonomía, é claramente insuficiente naquelas materias que máis afectan a traballadores e traballadoras. A Xunta de Galiza ten que asumir un papel activo na reivindicación, non só de todas as transferencias pendentes de desenvolver, senón de todas aquelas necesarias para un desenvolvemento económico e social do país, propio, integral e autocentrado, particularmente a capacidade legislativa en materia de emprego, laboral, protección social, industrial, pesqueira, agraria, así como en política fiscal e financeira.



Galiza tivo tradicionalmente, e segue a ter, un grave problema para o seu desenvolvemento industrial e económico, que ten a ver coa relación de carácter colonial que mantén co Estado español, o que se transforma, por unha banda, en falta de competencias reais para definir o noso modelo económico, industrial e produtivo, e por outra, en que ese modelo sempre foi deseñado en función dos intereses de España e da oligarquía española e na actualidade en función dos intereses das grandes potencias económicas da UE e do seu capital financeiro. Isto implicou a existencia dun tecido industrial pouco desenvolvido, a presenza de moita industria de enclave, a destrución do noso sector primario e mesmo industrial en función de decisións tomadas polos gobernos españois ou pola UE, a apropiación por capital foráneo do noso excedente económico e un paro de carácter estrutural, maquillado na súa contía pola sangría da emigración.

Sectores como o naval, o agrogandeiro, o pesqueiro, o enerxético, o financeiro, etc., cun peso moi importante na nosa economía e básicos para o noso desenvolvemento económico e social, vense

permanentemente limitados e reducidos no seu desenvolvemento como consecuencia de políticas do goberno español e da UE, feitas desde a visión do centro do sistema e en función dos intereses dos estados e dos grupos económicos que controlan as políticas e as institucións europeas.

Nesta situación de crise, cunha forte caída do consumo e forte competencia exterior, é difícil que a iniciativa privada por si soa cree as condicións necesarias para saír desta, polo que lle corresponde ao sector público actuar como axente económico dinamizador. Cómpre, neste escenario, apostarmos firmemente por revitalizar o tecido produtivo e crear as condicións para xerar emprego, empezando por exixir do Goberno galego que rache coa súa política, de pasividade nuns casos e de complicidade noutros, diante da desfeita da base material do noso país, e non siga polo tanto contribuíndo coa súa actitude a acentuar o carácter dependente de Galiza e o seu papel de reserva de man de obra barata e de fonte de materias primas e de recursos económicos para o capital financeiro español ( baixos salarios, emigración, industrias de enclave, apropiación do excedente económico, ...).

## Algúns datos sobre as consecuencias da crise en Galiza

Desde que no ano 2008, se instalou a crise na nosa comunidade, estamos a vivir unha situación social de gravidade extrema. O paro segue medrando e xa se superan as 270.000 (156.000 máis que no ano 2008), persoas que querendo traballar non atopan emprego, o 44% sen cobertura de ningún tipo. Os salarios seguen baixando, a protección social diminúe cada día, os servizos públicos deterioráanse e privatízanse, moitas familias son desaloxadas das súas casas, os prezos soben de forma desproporcionada ao igual que as taxas e os impostos, que, como ben sabemos, afectan máis ás persoas con menos ingresos e, inda por riba, o goberno segue

a aprobar reformas que reducen a contía e dificultan o acceso a unha pensión. Con todo iso a pobreza e as desigualdades sociais aumentan e con elas a exclusión e desintegración social.

Primeiro foron as reformas laborais para abaratar e facilitar os despedimentos, aumentar o poder de decisión empresarial e forzar ás persoas con emprego a traballar máis e cobrar menos. Logo foron unhas políticas orzamentarias contrarias a creación e potenciación do emprego, fosen do goberno central ou da Xunta de Galicia. O capítulo de inversión (45% menos no último lustro) e o de promoción de

emprego ( un 48% menos) son os máis castigados nos orzamentos dos últimos anos, sen esquecermos das fortes reducións nos capítulos de gasto social, que están levando a unha destrución de emprego público sen precedente, coa consecuencia lóxica de deterioro do noso xa cativo estado do benestar.

No que atinxe á política fiscal, as reformas implantadas afondaron aínda máis na regresividade do sistema fiscal existente. Por un lado subiron o IRPF, gravando en maior medida aos ingresos medios e deixando a salvo ás rendas elevadas e, polo outro, incrementando o tipo de gravame do IVE e diminuíndo o número de produtos aos que se lles aplica o tipo reducido, freando así o consumo e a reactivación económica.

A implantación deste tipo de medidas, está impedindo saír desta crise e o que é máis grave, nin tan sequera se están a mitigar os devastadores

efectos da mesma, sirva de exemplo os incrementos das desigualdades sociais.

A participación dos asalariados na renda nacional está descendendo, a favor, única e exclusivamente, do beneficio empresarial. Por primeira vez na historia, no ano 2012 os excedentes de explotación máis as rendas mixtas superan a remuneración dos asalariados no PIB.

Pero tan grave como isto é que esta maior apropiación da renda do país por parte da clase empresarial, non se está traducindo nun incremento da inversión de capital, todo o contrario, esta cae en maior medida que o consumo. Mentres está situación non vire, a crise non vai facer máis que agravarse.

Xustifica todo anterior os datos que se amosan a continuación.

Principais variables básicas do mercado de traballo en Galicia									
						Var. Relativa		Var. Absoluta	
	2008	2009	2010	2011	2012	2012/2011	2012/2008	2012/2011	2012/2008
Total	2.387,60	2.386,20	2.383,30	2.377,00	2.365,20	-0,5	-0,9	-11,80	-22,40
Activos	1.314,80	1.317,40	1.300,90	1.311,20	1.310,20	-0,1	-0,3	-1,00	-4,60
Poboación ocupada	1.200,10	1.151,40	1.100,70	1.083,00	1.039,40	-4,0	-13,4	-43,60	-160,70
Poboación parada	114,7	165,9	200,3	228,3	270,7	18,6	136,0	42,40	156,00
Inactivos	1.072,80	1.068,90	1.082,40	1.065,80	1.055,00	-1,0	-1,7	-10,80	-17,80

Fonte: EPA. INE.

Desde o ano 2008, ano no que a crise comeza a manifestarse en Galicia, a evolución do mercado de traballo foi demoledor. Non só se perderon cuantiosos postos de traballo, co conseguinte medre do desemprego, senón que asistimos a un forte descenso da poboación.

A falta de empregos freou bruscamente a chegada de inmigrantes e potenciou a saída de emigrantes, que xunto ó crecemento natural negativo xa endémico de Galiza, está provocando un importante descenso e avellentamento da poboación; a porcentaxe de poboación maior de 65 anos respecto da poboación comprendida entre 15 e 64 anos era no ano 2010 do 32,7 en Galicia, mentres que na UE aínda era do 26,9. En 2020, as proxeccións indican que esa taxa de dependencia en Galicia subira o 39,3, mentres que na UE sería de 31,4.

Centrándonos no mercado de traballo, a poboación ocupada descendeu un 13,4% desde o ano 2008, o que é o mesmo 160.700 persoas menos con emprego no último lustro. Este dato, aínda que en si mesmo xa é moi grave, non reflicte claramente o sucedido, xa que entre a poboación ocupada producíronse varios cambios, a saber: entre as mulleres con máis de 55 anos medrou a ocupación neste período, debido tanto ó cambio normativo no réxime de afiliación a SS das empregadas de fogar como a necesidade de ingresos na unidade familiar que as obriga a buscar traballo fora do fogar; o incremento deste tipo de ocupación ( a tempo parcial maioritariamente), compensa, en parte, a caída de ocupación nos “sectores tradicionais”, sendo maior nestes casos do que reflicten as estatísticas.

A maior parte dos que perderon o emprego pasaron a engrosar as listas de desempregados, a poboación parada medrou un 136% desde o ano 2008 ( 156.000 persoas en termos absolutos) pero tamén hai que ter en conta que moitas persoas optaron por emigrar ante a imposibilidade de atopar aquí un emprego. Os datos de poboación publicados polo INE así o aseveran.

Non descende a poboación de máis idade como sería natural, senón a de entre 15 e 34 anos, e especialmente entre 25 e 29 anos. Os datos son demoledores: 77.164 persoas entre 15 e 34 anos, abandonaron Galicia nos últimos catro anos, (unha media de 30 persoas por día), na mellor idade de traballar e de procrear, o que agrava o outro gran problema galego, o envellecemento da poboación.

Se estes datos, os de emigrantes, se incluíran na EPA, a taxa de paro galega perdería o diferencial que ten con respecto a media estatal, xa que superaría o 26% da poboación activa. Dito doutro xeito: hai menos paro porque emigramos moito máis.

A destrución de emprego foi xeneralizada, pero os homes víronse moito máis afectados que as mulleres, porque foi na construción onde se destruíu máis emprego. A provincia de Pontevedra, en termos absolutos, foi a máis afectada. As persoas menores de 35 están sendo máis prexudicados. É unha crise que comezou no sector da construción co estalido da burbulla inmobiliaria, pero que se foi estendendo ós restantes sectores na medida que están conectados directamente, caso da industria, ou indirectamente.

Poboación ocupada por sector económico									
Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	Var. relativa		Var absoluta	
						2012/ 2011	2012/ 2008	2012/ 2008	2012/ 2011
Total	1.200,10	1.151,40	1.100,70	1.083,00	1.039,40	-4,0	-13,4	-43,60	-160,70
Agricultura e pesca	93,8	91,6	86,6	83,2	79,8	-4,1	-14,9	-3,40	-14,00
Industria	215,9	194,1	171,6	175,5	163,8	-6,7	-24,1	-11,70	-52,10
Construción	134,1	115,7	105,2	91,3	79	-13,5	-41,1	-12,30	-55,10
Servizos	756,4	750,1	737,2	733	716,9	-2,2	-5,2	-16,10	-39,50

Fonte: EPA. INE.

Desde o ano 2008, no sector industrial e na construción foi onde máis postos de traballo se perderon; o 66% de tódolos destruídos foi nestes dous sectores, pero xa no último ano, o sector servizos se viu afectado con especial virulencia.

Practicamente, o 50% de tódolos empregos destruídos no sector servizos, foi neste último ano. É o sector, en termos absolutos, no que máis empregos se perde durante 2012, onde hai ramas de actividade que están en pleno proceso de axuste; destacan hostalería e actividades inmobiliarias, e como novidade este ano o descenso dos ocupados na administración pública, sanidade e educación.

O deterioro do mercado de traballo en Galicia, vai máis alá da perda do posto de traballo stricto

senso, abonda con ver a evolución da ocupación por tipo de xornada. Estanse producindo cambios entre os postos de traballo que se manteñen ou que se crean novos. Neste último ano, o descenso de postos de traballo con xornada completa é superior ó descenso total da ocupación, xa que aumenta o número de traballadores con xornada parcial.

É dicir, non so se destrúe emprego senón que se están modificando substancialmente as condicións de moitas persoas que se manteñen ou acceden nestes momentos a un posto de traballo: escasa duración dos contratos, modificacións no tipo de xornada, redución de salarios..., levan a un unha caída dos ingresos da clase traballadora, ate, acadar o dato histórico de ser inferiores ó excedente bruto de explotación na distribución da renda segundo o PIB.



PIB renda. Datos en miles de euros				
	2011	2012	2011 Porcentaxe sobre o total	2012 Porcentaxe sobre o total
Remuneración asalariados/as	26.064.237	24.640.637	45,7	43,7
Excedente bruto de explotación / renda mista	25.885.526	26.761.612	45,4	47,4
Impostos netos sobre produción	5.036.304	4.972.213	8,9	8,9
PIB	56.986.067	56.374.462	100	100

Fonte: Contas económicas trimestrais. IGE.

Os datos son demoledores, mentres o PIB no último ano descendeu un 1,2%, os distintos compoñentes do mesmo evolucionaron de maneira diametralmente oposta; a masa total da remuneración de asalariados descendeu un 5,4% e o excedente bruto de explotación máis as rendas mixtas medraron un 3,3%; con iso a participación de cada compoñente no total do PIB tamén variou, mentres os do primeiro descendeu 2 puntos, o excedente bruto de explotación aumentou 2, superando por primeira vez na historia a remuneración de asalariados.

Este dato é aínda máis preocupante na medida que este maior beneficio empresarial non se está traducindo nun incremento da inversión, todo o contrario, a inversión está caendo aínda máis que o consumo.

Xunto o deterioro das condicións da clase traballadora, os ingresos medios por fogar en Galicia descendieron en máis de 100 euros mensuais. Xunto a iso cada vez máis persoas non teñen ningún tipo de ingresos; segundo os últimos datos da EPA, hai 28.000 familias en Galicia nesa situación.

Se ben os datos expostos ata agora xa amosan claramente o incremento das desigualdades no noso país, non debemos esquecer que as políticas que se aplicaron nestes anos, especialmente as fiscais agudizaron esta xa tremenda desigualdade. Trátase, concretamente, dos impostos indirectos, na medida que aumentaron os tipos de gravame do IVE ou aplicaron o tipo reducido a cada vez menos produtos, prexudican en maior medida a poboación que destina unha parte maior das rendas ó consumo, caso da poboación con menores ingresos.

Se analizamos os compoñentes que están medrando máis no IPC ( índice de prezos ó consumo), son os alimentos e as medicinas os que sufriron un maior incremento no último ano; e son precisamente estes dous compoñentes ós que dedican unha maior parte dos seus ingresos as persoas con menos recursos, especialmente os de maior idade, que constitúen unha parte importante da poboación galega.

Estamos pois nunha situación dramática para unha parte moi importante da cidadanía galega, que mira como as institucións políticas non serven aos seus intereses nin resollen os seus problemas inmediatos, moitas veces de pura supervivencia, instalándose unha fonda desconfianza nun sistema político que protexe ao capital, e particularmente ao capital financeiro, abandonando a súa sorte á maioría da poboación. Desconfianza e frustración que abrangue, en maior ou menor medida, a toda a armazón política e social democrática, o que mingua as posibilidades de reacción e de mobilización con obxectivos claros deica o cambio económico e social que necesitamos.

O certo é que as medidas que se tomaron desde os poderes públicos non fixeron máis que coadruar e afondar na crise. Desde o goberno español, seguindo os ditados da neoliberal Unión Europea, especialmente de Alemaña, adoptaron como única medida a “austeridade”; austeridade relativa, na medida que están sendo moi rixidos no gasto social e no investimento público, pero non na axuda á banca, principal causante da crise que estamos padecendo. É esta axuda ó sector financeiro, e non o gasto social que é o que están recortando, o que levou a uns altos niveis de endebedamento público, cuxo pago está asfixiando o xa cativo orzamento. Debemos lembrar que o 25%

do orzamento do estado para 2013 vai destinado a amortizar débeda e a pagar os intereses da mesma. No caso do orzamento da Xunta de Galicia, a partida de pago da débeda é a única que medra e nada máis e nada menos que un 33,7% para este ano, cando o total do orzamento se contrae.

Medra o gasto financeiro do orzamento, mentres o orzamento total se contrae, esta contracción dos orzamentos públicos nun momento de recesión contribúe aínda máis a caída da actividade, o que leva a unha redución dos ingresos públicos, coa conseguinte redución de orzamentos...

Esta situación, asemade, xustifica un adelgazamento do sector público, especialmente en educación e sanidade, onde a onda privatizadora se está escoitando con máis intensidade. Presentan o escenario perfecto para levar a cabo as políticas que a dereita máis liberal sempre quixo levar, recortando o sector público ata o mínimo imprescindible.

A grave situación económica e social vese agudizada por un forte incremento da débeda pública, como consecuencia da caída da ingresos por parte do Estado, froito da crise económica, dunha política fiscal regresiva e ao servizo do capital e sobre todo da forte especulación que coa mesma está a facer a banca, coa clara colaboración da Comisión Europea e o do Banco Central Europeo.

Estannos levando así a unha espiral en descenso, que require dun cambio radical si queremos saír desa dinámica dramática para a maioría social que está a soportar os efectos dunha crise que non provocou.

A CIG asume as súas responsabilidades como organización da clase traballadora galega, tanto na defensa dos intereses cotiáns do mundo do

traballo, como na explicación e busca de alternativas para saír desta situación de empobrecemento e inxustiza a que nos somete o capitalismo, baixo a égida neoliberal. Pensemos que si na corta crise do 93-95 se tardaron case dez anos en recuperar o emprego, ¿que futuro nos agarda agora da man desta clase política gobernante que engana, manipula, espolia e rouba a prol do capital?

De feito, o Goberno español tanto no Plano de Reformas (PNR 2013) como na actualización do Programa de Estabilidade 2013-2016, presenta un escenario macroeconómico desolador, xa que para cumprir co déficit do 2,7%, estaríamos dentro de catro anos cun nivel de paro igual ao de 2012 e cunha débeda pública do 99,8% do PIB, cando a finais do 2012 era do 84%. Pero inda así insisten na súa política de recortes co obxectivo de favorecer as grandes empresas amigas e á banca, mentres asoballan e empobrecen á clase traballadora.

A defensa do emprego en Galiza pasa, no inmediato, por non seguir destruindo emprego e polo tanto por adoptar medidas que promovan o consumo do propio, do que xa hoxe producimos no noso país, sempre que iso sexa posíbel, así como daqueles servizos sobre os que se poda exercer certo control público, é dicir, trátase de aproveitar ao máximo os procesos de crecemento contando cos recursos propios e que garantan o medre do mercado interior galego.

Polo demais, calquera acordo en materia económica e de emprego, ten que basearse nun marco que abandone o paradigma económico neoliberal e asentarse nun cambio estrutural que conduza a organización e desenvolvemento dunha economía baseada no traballo produtivo e o papel regulador e estabilizador do sector público, para asegurar un desenvolvemento sustentábel, así como un reparto equitativo e xusto da riqueza.

# 100 Medidas para a creación de emprego en Galiza

É condición sine qua non que o Goberno e o Parlamento Galego esixan do Goberno Español e do Parlamento Español, a transferencias de plenas competencias en todas aquelas materias (laboral, fiscal, financeira, industrial, agrogandeira,

pesqueira, etc.) que permitan ao Goberno e ao Parlamento Galego desenvolver autonomamente as medidas necesarias para facer realidade este Plan Galego de Crecemento Económico e Creación de Emprego.

## Política industrial e sector público

1

Posta en marcha dun plano de desenvolvemento industrial que contemple o peche dos ciclos produtivos en Galiza e aumente o valor engadido en sectores básicos da nosa economía (leite, papel, granito, moble, pesca, marisqueo, téxtil, conserva, enerxías renovábeis, silvicultura, automóbil, naval), así como que fomente a promoción exterior dos produtos galegos, priorizando sectores e mercados.

2

Creación do Instituto da Empresa Pública Galega, constituído cos centros de traballo das empresas públicas estatais existentes en Galiza, que deben ser transferidos, así como

con aquelas outras de capital público galego, hoxe existentes ou de nova creación.

3

Participación da Xunta directamente, ou a través de empresas mixtas, na constitución de novos proxectos industriais vitais para o país, en sectores estratéxicos como o financeiro, enerxético, lácteo, naval ou redes de comercialización.

4

Rexeitamento de calquera política de privatización de empresas e servizos públicos. Reestatalización de aquelas empresas públicas que foron privatizadas.

## Sector agrario

5

Plan de medidas de apoio ao sector forestal e agrogandeiro, que garanta uns prezos xustos dos seus produtos, fomente a incorporación de xente moza a actividade agraria, permita unha explotación racional do monte e unha xestión social e ambientalmente

sustentábel e que aproveite o mato para a coxeración de enerxía e calor.

6

Apoio público e potenciación da agricultura extensiva, así como da gandería e agricultura ecolóxica.

**7**

Creación dunha rede de servizos técnicos públicos relacionados coa actividade agrogandeira.

**8**

Apoio aos circuitos curtos de comercialización e de transformación dos produtos por parte d@s própri@s agricultores/as.

## Sector pesqueiro

**9**

Implantación dun Plan Integral de recuperación dos caladoiros do litoral, rías e bancos naturais de marisqueo, no que se contemplan, de acordo co sector, paradas biolóxicas subvencionadas, recuperación do litoral e bancos marisqueiros afectados polos recheos, depuración de todos os residuos urbanos e industriais, creación de sementeiros de carácter público que permitan que as mariscadoras poidan acceder a este servizo que actualmente está en mans privadas.

**10**

Potenciación dos sistemas de semicultivo dos areas, apostando por pequenos proxectos cooperativos con apoio científico técnico público.

**11**

Modernizar e impulsar os sistemas de transformación, comercialización e distribución dos produtos pesqueiros, xunto cun control exhaustivo das importacións que permitan unha identificación da orixe dos produtos.

**12**

Exixencia ante a UE e Estado Español do peche de acordos pesqueiros con terceiros países que non exclúan a flota pesqueira galega, así como a non aplicación a Galicia da política de cotas e TAC impostas pola UE.

**13**

Exixencia de plena autonomía de Galiza para exercer as competencias en materia de pesca de baixura e marisqueo.

## Sector naval

**14**

Creación do Complexo Industrial da Construción Naval na ría de Ferrol, coa participación da Xunta de Galiza, que abrangue todas as áreas relacionadas coa construción naval, civil, militar e reparacións, así como o sector de bens de equipo i enerxético.

**15**

Conformación dun holding entre os distintos estaleiros, empresas auxiliares e empresas transformadoras do metal na ría de Vigo, con participación pública e privada.

**16**

Posta en marcha da Lei do sector naval aprobada no Parlamento Galego.

## Sector da Construción

---

17

Programa para a rehabilitación de vivendas con medidas como a mellora da eficiencia enerxética, mantemento e conservación de fachadas e acondicionamento dos cascos antigos.

18

Mellora no deseño e a aplicación de materiais autóctonos (granito, lousa, madeira, decoración...) na construción de edificios emblemáticos (públicos ou privados) e na decoración de interiores.

## Sector enerxético

---

19

Consideración da enerxía como un servizo público. Medidas de fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.

21

Diversificación das fontes de enerxía e recuperación das primas para permitir o desenvolvemento das enerxías renovábeis.

20

Adaptación das centrais térmicas de As Pontes e Cerceda á Directiva Europea de Emisións Industriais.

22

Implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galiza, por iso, propomos unha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico.

23

Inclusión a Galiza no futuro Plan Est. do Carbón.

## Sector comercio e turismo

---

24

Campaña permanente, por parte da Xunta de Galiza, e sobre a necesidade de consumir produtos e servizos fabricados en Galiza, como forma de manter e crear emprego no noso país, empezando por facer efectiva esta medida as propias institucións, organismos e empresas públicas, a todos os niveis.

26

Potenciar as empresas galegas de distribución, vinculándoas coa produción manufacturera local, as denominacións de orixe, a identidade e a calidade do produto e a promoción do mercado interno.

25

Medidas de apoio ao pequeno comercio, con atención especial na regulación dos horarios comerciais e limitando a instalación de grandes superficies comerciais.

27

Potenciar o turismo mediante campañas de promoción no exterior, con especial fincapé no turismo rural.



## Cultura e lingua galega

28

Fomento, desde a Xunta de Galiza, da produción propia, en todos os ámbitos de creación e difusión da nosa cultura (televisión, radio, cinema, música, teatro, artesanía, audiovisuais, internet, edicións, .....).

29

Garantir o dereito dos galegos e galegas a ser atendidos no noso idioma nas relacións con empresarios e comerciantes que presten servizos ou comercialicen os seus produtos en Galiza. Todas aquelas empresas que reciban subvencións públicas estarían obrigadas a utilizar o galego como primeiro idioma na súa relación cos clientes.

## Sector da automoción

30

Creación dunha Mesa Galega da Automoción (MGA), integrada polo actual clúster empresarial (CEAGA), as centrais sindicais e as tres universidades galegas.

31

Impulsar un Plano Galego para a industria da automoción, no que se recollan medidas de apoio ao I+D+i no sector, á especialización cara a produción de vehículos cun maior valor engadido, a promoción dos vehículos híbridos e eléctricos e a optimización dos procesos produtivos, pulando polo aproveitamento das sinerxías entre as factorías principais e a súa industria secundaria.

## Sector da Minaría

32

Aplicación e desenvolvemento íntegro da lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galiza, que permita actuacións baseadas en criterios de estabilidade e sustentabilidade, cumprimento dos requisitos medioambientais e peche dos ciclos produtivos, imposibilitando proxectos, claramente colonialistas e depredadores, como o de Corcoesto.

aplicacións tecnolóxicas ou na integración do proceso produtivo.

34

Potenciación, por parte das distintas administracións públicas, do uso da pedra galega, impedindo a competencia desleal coa utilización de materiais de países que non cumpren as normas ambientais nin de protección de saúde dos traballadores.

33

Melloras na comercialización e posta en valor do granito e a pizarra, fundamentalmente no exterior, así como na eficiencia enerxética, en

35

Explotación racional do seixo, promovendo o peche de todo o seu ciclo produtivo en Galiza.

## Conservas de peixe

---

36

Por en valor a calidade da conserva galega (bonito do norte, xouba, agulla, mexilón, etc).  
Deseño por parte do goberno galego dun plan integral produtivo e extractivo (producción, flota,

marisqueo) no que inclúa o creto a pequena e mediana empresa (maioría), contemplando un etiquetado no que apareza claramente identificada a procedencia, ademais de activar nos mercados internacionais campañas divulgativas da calidade da nosa conserva.

## Madeira e Forestal

---

37

Apostar pola segunda transformación, con apoio a aquelas empresas que aposten polos produtos de calidade e deseño diferenciado.

valor das especies autóctonas, dentro dun Plan Estratégico global do uso agrícola, gandeiro, enerxético e forestal do monte galego, en colaboración cos axentes sociais i económicos implicados.

38

Política forestal da Xunta de Galiza, que garanta unha produción forestal sostíbel, coa posta en

39

Impulsar a cooperación na cadea de valor (producción, primeira transformación, mobles, elementos para a construción...).

## Téxtil, confección, coiro e calzado

---

40

Apoio ao pequeno fabricante que aposte polos produtos de calidade e deseño propio,

como produto diferenciado. Eliminar as axudas públicas a aquelas empresas que recorran á deslocalización da produción.

## Economía social

---

41

Apoio específico para a constitución de cooperativas ou sociedades anónimas laborais.

## Medio ambiente

42

Reformar a Lei de Residuos Sólidos Urbanos para adaptala ás nosas necesidades, que aposte decididamente polo rexeitamento á incineración e se centre na minimización da produción dos residuos, na súa reutilización e reciclaxe.

43

Desenvolver unha Lei de Protección dos Ecosistemas Fluviais que contemple, entre outras

cousas, a creación dunha verdadeira Rede de Vixilancia e Control do estado ecolóxico dos ríos, a posta en marcha dun Plan de Saneamento Integral de todas as masas de auga, tanto naturais como artificiais, así como un plan de tratamento de Augas Residuais.

44

Recuperación de todos aqueles espazos naturais degradados como consecuencia das explotacións mineiras.

## Infraestruturas

45

Aposta polo transporte ferroviario, como modelo prioritario, tanto de mercadorías como de viaxeiros/as, coa creación de servizos de cercanías e de estacións intermodais nas sete cidades galegas, priorizando a complementariedade entre os camiños de ferro e o transporte público colectivo por estrada a todos os niveis, así como aeroportuario.

47

Reformulación do ente público, Portos de Galiza para unha potenciación conxunta e real dos cinco portos principais (Vigo, A Coruña, Ferrol, Marín e Vilagarcía) para a captación de tránsito no exterior, evitando a competencia entre eles e fomentando a complementariedade.

46

Elaboración dun plano que faga real un sistema aeroportuario galego, a partir da cooperación e complementariedade dos tres aeroportos, potenciando o aeroporto de Santiago de Compostela como aeroporto da capital de Galiza ampliando e potenciando o seu carácter internacional.

48

Activación dun Centro de Vixilancia e Coordinación, dependente da Xunta de Galiza (servizo público) de salvamento e control de desastres (ecolóxicos, naturais, etc.).

## Política de I+D+i

49

Dotación orzamentaria adicada á investigación científica ata que iguale a media da eurozona.

50

Adopción de medidas que permitan ás pequenas e medianas empresas participar en proxectos de I+D+i.

51

Oferta de instalacións e consello técnico, por parte da administración galega, ás novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica, priorizando aqueles proxectos empresariais relacionados coa produción enerxética limpa, así como a aqueles que potencien a produción, transformación e comercialización de produtos do país e unha economía autocentrada e sustentábel.

52

Apoiar a colaboración entre as universidades, centros de formación profesional e as empresas para crear sinerxías que permitan aproveitar o I+D que produce o noso sistema universitario.

53

Elaboración dunha axenda propia de investigación entre todas as entidades, públicas e privadas, que sexan artífices da mesma.

54

Dignificación da actividade e as condicións laborais dos/as investigadores/as.

## Defensa do dereito a un traballo de calidade

55

Derrogación das últimas reformas laborais.

56

Esixencia da redución da xornada laboral no camiño da conquista das 35 horas semanais, como medida de reparto do traballo.

57

Aplicación da legalidade vixente e ampliación das políticas de igualdade e conciliación no eido laboral, que teñen esencial incidencia na calidade de traballo e de vida das mulleres e que están sendo abandonadas coa escusa da crise e os consabidos recortes.

58

Fomento de políticas de rendas que favorezan a mellora xeneralizada dos salarios e a redución progresiva do abanico salarial.

59

Incremento do salario mínimo interprofesional ata acadar o 60% do salario medio.

60

Os Convenios de Sector serán a referencia de aplicación mínima obrigada para as empresas afectadas no seu ámbito de aplicación.

61

Potenciar que toda a negociación colectiva se desenvolva en Galiza.

62

Respecto do principio de causalidade para toda a contratación temporal, derogando toda a normativa que non respecte dito principio, así como penalización da contratación temporal, tanto no salario como na cotización da cota empresarial.

63

Eliminación de todas as subvencións xenéricas á contratación, agás aqueles colectivos de difícil inserción, e utilización das mesmas na creación de emprego nos servizos públicos.

64

Reforzo do Servizo Público de Emprego de Galiza e cumprimento da recomendación da Comisión Europea sobre Garantía Xuvenil, para que as persoas menores de 25 anos reciban unha boa oferta de emprego, formación continua ou prácticas, nun prazo non superior a catro meses tras quedar en situación de desemprego ou rematar a formación reglada.

65

Eliminación das ETTs e das axencias privadas de colocación.

66

Ante unha situación de crise na empresa, potenciar a suspensión dos contratos ou reducións de xornada en lugar do despedimento ou dos EREs extintivos.

67

Derrogación das últimas reformas do sistema público de pensións, pois ademais de supor unha caída na contía das mesmas, supón unha medida negativa na creación de emprego ao retrasar a idade de xubilación e dificultar o acceso a unha pensión.

68

Intensificar os controis da Inspección de Traballo sobre a causalidade da contratación así como sobre a economía irregular, especialmente nos sectores e colectivos de maior incidencia, favorecendo así a creación de emprego estable e con dereitos.

69

Potenciar as políticas activas de emprego, establecendo un programa específico de orientación, formación e recualificación para a mocidade desempregada e persoas paradas de longa duración.

70

Mediante acordo tripartito establecer compromisos concretos de incorporación de mozos e mozas, que abandonaron os estudos e hoxe están desempregados, para a súa formación en empresas, financiado con orzamentos da Xunta e con recursos aportados polas propias empresas.

71

Creación do Instituto Galego de Emprego e Formación Profesional que asuma as competencias plenas en materia dos tres subsistemas.



## Mellora e creación de emprego nos servizos públicos

---

72

Dotación orzamentaria que permita manter un nivel digno de asignación de recursos (humanos e técnicos) en todos os servizos públicos e de asistencia social. Eliminación na lei de orzamentos do Estado da taxa de reposición.

73

Dotación dun plan de funcionamento dos centros hospitalarios en quenda de tarde. Ampliación dos cadros de persoal.

74

Incrementar as prazas públicas para o alumnado de 0 a 3 anos con horarios adaptados á necesidades laborais da poboación traballadora.

75

Ordenar e incrementar a oferta de ciclos formativos no ensino público que satisfaga a demanda existente, para facilitar o emprego e o desenvolvemento daqueles sectores estratéxicos do tecido industrial e produtivo galego.

76

Fornecer os centros de ensino de suficiente profesorado, reducir o número de alumnado

por aula, satisfacer a atención á diversidade, prever e actuar contra o fracaso e o abandono escolar para acadar a máxima calidade posible e garantir administrativos/as, coidadores, educadores sociais e outros/as profesionais en tódolos centros onde sexan necesarios.

77

Dotar todos os centros educativos públicos dos servizos complementarios necesarios, nomeadamente de comedores escolares.

78

A ampliación e consolidación dun Sistema Público Galego de Servizos Sociais que contemple, entre outras cousas, un programa de atención ás persoas dependentes, garantindo o seu dereito, a un servizo público (residencias, axuda domiciliaria, centros de día) axeitado ás diferentes necesidades de coidado e con horarios adaptados ás necesidades laborais.

79

Programa de contratación nos concellos e deputacións de persoas desempregadas sen prestacións, especialmente dirixido a persoas menores de 30 anos e parados/as de longa duración, para a realización de obras e servizos de interese xeral. Recuperación das escolas taller.

## Fiscalidade

---

80

Modificar a escala de gravame do Impostos sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), incrementando a progresividade do mesmo.

81

Modificar o tratamento fiscal das rendas do capital no IRPF, aplicándolles o mesmo tratamento fiscal que as rendas do traballo.

82

Suprimir o maior parte das bonificacións e deducións do imposto de sociedades que na práctica están reducindo dito imposto efectivo a menos da metade do nominal.

83

Reducir o tipo de gravame do Imposto sobre o valor Engadido (IVE), naqueles produtos de primeiro necesidade, por debaixo do valor anterior a última reforma.

84

Creación dun imposto sobre os beneficios extraordinarios da banca e os activos financeiros.

85

Eliminación dos privilexios fiscais da igrexa e das SICAV.

86

Fin dos incentivos fiscais aos plans privados de pensións.

87

Esixir o pagamento dos tributos en Galiza de todas as empresas que teñan centros de traballo en territorio galego.

88

Creación dunha taxa, tipo taxa Tobin, que grave as transaccións financeiras.

89

Crear os medios suficientes para perseguir e castigar o fraude e a evasión fiscal, principal problema do noso sistema tributario. Supresión dos paraísos fiscais.

90

Auditar a débeda pública e privada para denunciar os contratos ilexítimos e liberar a carga financeira asociada.

91

Flexibilizar as porcentaxes de endebedamento da economía, destinando os fondos deste novo endebedamento en actividades xeradoras de emprego ou que permitan incrementar o benestar da sociedade.

## Sistema financeiro

92

Banca Pública Galega.- Facer de NGB, entidade hoxe en mans do Estado, recapitalizada cos cartos de todos, unha entidade financeira de carácter público e comercial, titularidade da Xunta de Galiza. Que actúe ao mesmo tempo como Axencia Financeira Institucións Galegas.

93

Creación dun Instituto Galego de Crédito e Investimento, utilizando as competencias atribuídas polo Estatuto de Autonomía, co obxectivo de reformular os instrumentos financeiros á disposición das nosas empresas produtivas, tanto para superar a crise como para estar en mellores condicións de medrar no futuro, cunha orientación do crédito cara a actividades innovadoras e cara á estratexia de desenvolvemento sustentábel.

94

Fortalecemento e mellora das sociedades

de Garantías Recíprocas, mediante o fornecemento de recursos suficientes, de xeito que poidan ampliar a súa función de instrumentos de promoción empresarial, especialmente de empresas de nova creación.

95

Esixir por parte do goberno galego ao goberno español, que as relacións de orde económico e financeiro, entre Galiza e o Estado Español, se desenvolvan e formalicen a través dun concerto económico que se pacte entre ambas institucións.

96

Xestión directa pola Xunta de Galiza dos fondos europeos destinados ao noso país.

97

Esixir do Banco Central Europeo que preste diñeiro directamente aos Estados e CC. AA. ao mesmo prezo que o fai á banca privada.

## Contra a exclusión laboral e social

98

Creación dun salario de inserción laboral e social, dirixido a todas aquelas persoas desempregadas que non cobren outro tipo de prestación pública. De forma inmediata axilización dos procedementos e aplicación flexible da RISGA.

99

Adaptar o sistema de prestacións por desemprego ás circunstancias de crise mentres esta dure, mellorando a prestación contributiva e asistencial e ampliando as situacións protexidas, xa que na actualidade perto da metade

das persoas desempregadas non teñen ningún tipo de cobertura e son empuxadas á pobreza e exclusión social.

100

Evitar que as persoas con insolvencia económica, derivada da perda de emprego, perdan a súa vivenda, así como as consecuencias económicas derivadas da aplicación da actual Lei Hipotecaria. Xunto co fomento da vivenda social en réxime de aluguer, de contía inferior ao 30% dos ingresos totais da unidade familiar, utilizando vivendas valeiras de titularidade e xestión pública, así como as vivendas propiedade da banca nacionalizada.

# Conclusións

Apostamos por un desenvolvemento económico sostíbel, tanto a nivel ecolóxico como social. Defendemos pois un modelo produtivo respectuoso cos dereitos da clase traballadora, que garanta unha calidade de vida digna para todos os seres humanos e que protexa o medio ambiente e a súa biodiversidade, fronte ao actual modelo produtivo capitalista que non garante ningunha destas cousas. Exemplos disto último témolo nas graves consecuencias sociais da actual crise económica e financeira, pero tamén nas crises que leva asociadas como a crise alimentaria, a crise enerxética, a crise climática, a crise institucional ou a crise de sobreproducción; nas enormes desigualdades sociais que xenera; nos centos de millóns de persoas que están desempregadas, son vítimas de conflitos armados, vense desplazados das súas terras e dos seus países ou sofren pobreza extrema e enfermidades perfectamente curábeis; nos

millóns de nenos e nenas que morren de fame ou son vítimas da prostitución e da explotación infantil,.....e así poderíamos citar moitos exemplos máis, mentres unha minoría segue a acumular enormes riquezas froito do traballo e da explotación da maioría da poboación.

A CIG nin se resigna, nin espera que a solución a actual situación pola que está a pasar Galiza e as súas clases populares, veña da man de factores externos (institucionais, financeiros, políticos ou sindicais), por iso queremos aportar unha serie de propostas ou medidas que nos axuden a superar esta situación, convencidos como estamos de que só co rexurdir da conciencia nacional e de clase e da mobilización popular, seremos capaces de forzar o cambio económico e social necesario e modificar o status colonial que cumpre a nosa nación no Estado Español e na Unión Europea

Galiza, setembro de 2013.  
*EXECUTIVA CONFEDERAL DA CIG*







**Confederación Intersindical Galega**

[www.galizacig.com](http://www.galizacig.com)